



AXUDAS DE LIBROS, AXUDAS DE MATERIAL E FONDOLIBROS

1. Regulación: ORDE do 12 de maio de 2020

2. Obxecto (especificado para centros de educación primaria):

- Fondo solidario de libros: alumnado que curse o vindeiro ano algún curso entre 3º EP e 6º EP.
- Axudas económicas para libros de texto: alumnado que curse o vindeiro ano 1º EP ou 2º EP.
- Axudas económicas para material escolar: alumnado que curse o vindeiro ano algún curso entre 1º EP e 6º EP

3. Fondo solidario de libros

- Rendas iguais ou menores a 6.000€ → 6 libros de texto
- Rendas entre 6.001€ e 10.000€ → 4 libros de texto
- Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% → 6 libros de texto

4. Axudas económicas para libros de texto

- Rendas iguais ou menores a 6.000€ → 210€
- Rendas entre 6.001€ e 10.000€ → 140€
- Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% → 275€

5. Axudas económicas para material escolar

- Rendas iguais ou menores a 6.000€ → 50€
- Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% → 50€

6. Documentación

- Anexo I e anexo II (solicitud e comprobación de datos)



- Copia do libro de familia actualizado a 31/12/2018. No caso de non estar actualizado, deberase entregar sentenza xudicial, certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais que reflicta a situación familiar a 31/12/2018.
- Certificado de discapacidade do alumno ou alumna ou dun membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa de violencia de xénero.

7. Lugar de presentación

A solicitude pode cubrirse de xeito telemático sen ter que presentala no centro en <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>. No caso de cubri-la de forma manual, debe ser a persoa solicitante a que a presente na secretaría no centro.

No caso de que a persoa solicitante non poida vir ao centro a presentar a solicitude, hai dúas opcións:

- cubrir o apartado da solicitude “e, *na súa representación*” a persoa que vaia vir no seu lugar
- realizar o proceso telematicamente no enderezo antes exposto

8. Prazos:

19 de xuño	Finaliza o prazo de presentacións de solicitudes
10 de xullo	Publicación das listaxes provisionais
13-14 de xullo	Reclamacións ás listaxes
20 de xuño	Publicación das listaxes definitivas
20 ao 24 de xullo	Recollida de cheques e libros
1 ao 30 de setembro	



9. Horario de secretaría para presentación de solicitudes

Para a presentación das solicitudes na secretaría do centro é indispensable acudir con cita previa. Para solicitala, chamar ao teléfono 886 11 02 71 en horario de 9:30 a 14:30.

10. Outras cuestións

- a. A falta de devolución dos libros de texto en bo estado dos cursos 3º EP, 4º EP, 5º EP e 6º EP, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas material escolar no curso 2020/21.
- b. Presentarase unha solicitude única para todos os fillos e fillas que o vindeiro curso estean no mesmo centro educativo.
- c. É unha solicitude única para a axuda de material escolar e para os libros.
- d. A renda tida en conta é a renda do 2018.
- e. A situación familiar que se ten en conta é con data 31/12/2018.
- f. Nos cursos de 3º EP a 6º EP unha vez asignados os libros correspondentes segundo a renda, repartiranse os sobrantes entre o alumnado que presentase solicitude e non lle foran concedidos nun primeiro momento.